

Resplandor zarco

Dunha melancolía dos opostos

ARMANDO REQUEIXO

De que lóstrego escuro, de que limo das idades, de que instante fuxidío e inaprensible nace a verba de Eva Veiga?

A frecha azul do teixo, o seu último poemario, é un templo votivo, un ofertorio de lañas sen cauterizar, de memorias unxidas dun deslugar atemporal, dubidosa escada de sombras pola que gabean as fendas da luz.

A intuición dos límites. A ascese da palabra. A memoria do intre que ancora na raíz do cor. E un vágado na lembranza da nai desaparecida que estrangula as entrañas e vai pousarse, lenemente, no solpor dos días.

A neve desmaiada de José Lezama Lima, o mundo extinguido de Luis Cernuda, a diagonal dende o amor ao corazón de Yalal Ad-Din Rumi, o vieiro ignoto cara ao ser ausente de René Char, a viaxe inmalograble de Walt Whitman ou a realidade que esvaece e nutre de Clarice Lispector son presenzas queridas nestas páxinas, mais tamén a elevación das pálpebras de Yolanda Castaño ou a estancia en alta casa de Helena de Carlos, poño por caso, alimentan estas raiceiras.

A frecha azul do teixo, con magnífica imaxe de cuberta de Afonso Costa, desprende todo el un envolvente resplandor zarco, unha melancolía dos opostos, estantíos no granito das horas e a contemplación do aceiro señardoso da seta que avanza.

VEIGA, Eva, *A frecha azul*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2011, PVP.15 €

